



1916

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, o mes. 40 cts.

Fora, > 50 >

Coste d'un número 10 >

Número II

= Redacción =

e administración:

CANTÓN GRANDE

= 16, BAIXO =

A CRUÑA

24 NOVEMBRE

BOLETÍN DECENAL

Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d'América e Portugal

## DIMPOIS DA PRIMEIRA SAIDA

Por F. Martí Morás

Que a idea que fixo nacer o noso boletín non era fantástica; que o noso esforzo ao presentare imprentado o primeiro número non foi vao; que entre as milleiras de persoas que len, ou que non len, hainas abertas a recibir a semente do renacemento da fala nativa, vimolo amostrado na curiosidade qu'espertou "A Nosa Terra" e nas moitas discusións tidas sobre do linguaxe empregado na sua redacción.

Dende o amabre boletín cruñés onde fixeron xuízos sobre da oportunidade de dar empuxe a unha lingua pouco traballada literariamente, hastra o desprezativo señorito qu'ollou pra o noso boletín, e dixo "Es gallego; esos están chillados!", a todos, compañeiros e público, debemos reconecemento os que escribimos neste papel.

¿E por qué non? Si os mesmos qu'aldra-xan nestes días, cando miren ao fondo da y-alma—s'ó que ven—terán d'alcontrar un xerme d'afeuto á sua terra! E amando, inda vergoñosamente, á terra, ¿cómo poderán deixar de crer na fala?

Pero mais interesante e recoller os ouxetos das discusións espertadas pol-o noso boletín.

Din algú, que non é posibre, co a cantidá de vocabres qu'en gallego eisten, falar de toda crás de custióis en gallego, e que, polo mesmo, temos percisión de tirar do castelán moitas palabras e sentenzas.

E verdá qu'o gallego ficou retrasado na evolución das linguas modernas, e que, por ese mesmo retardamento, o seu tesouro de frases e vocabres propios non chega á colosal riqueza do castelán ou do inglés. Moitas cousas novas, conocidas dentro e fora da Galicia, dende o sigro XVI ate hoxe, non teñen nome privativo no gallego. Ten de ser certo: dase un nome a cada cousa, dendes que eiste instrumento vivo de fala en conlauto co uso d'esas cousas. E como dende o sigro XVI ate o presente, a maor parte das xentes que viviron na Galicia e siguiron o progreso do mundo, tiveron como istrumento d'espresión o castelán, os nomes das cou-

sas novas houberon de ser casteláns, na mesma Galicia.

Nin é esto cousa escrusiva do gallego. Si un román de tempo d'Augusto revivira, ¿cómo tería de chamar "na sua lingua" a un "sportsman"?

Toda-las linguas d'Europa amostan, mais da interna evolución dos vocabres propios, dos procedimentos de freisión e composizón, nados coa lingua, do seu xenio, outra maneira d'aumentar a sua colleita: o empréstamo d'outras falas. Pero este empréstamo so é lexítimo cando na lingua primeira non eiste o vocabre sinificante da cousa, e sempre que o adequerido sexa adautado na lingua qu'o toma d'acordo co-as regras privativas do xenio d'esta.

Tendes, por exemplo, o vocabre *landeau*. Cando esta sorte de vehiculo comenzou a empregarse, n'había no castelán palabra pra él. Aceitouse a francesa; seguindo o procedemento normal do préstamo, e ficou metido na lingua de Castela o novo vocabre, pro non esquirto á francesa—que eso non estaría d'acordo coa fonética castelá—, sinon esquirto *landó*. Pois da mesma maneira decimos no gallego correutamente *monoprano*, *biprano*, *aviazón*, *xeografía*, *lid* (que inda no se formou en castelán pra o alemán *lied*), *fut-ból*, *satén*, *presuposto*, *diletante*, *automovre*, *xofer*, *periscopio*, etc., etc. Todas as milleiras de vocabres dos que non dispoñamos no fondo da nosa lingua vella e nova, tirarémoslas d'outras, adautándoos á gallega. E poderemos d'esta maneira—a mesma empregada por toda-las linguas do mundo—falar de toda crás de materias. Polo mesmo estilo que o castelán, nos tempos modernos, tirou vocabres do gallego, do catalán, das linguas indias d'América, do inglés, do alemán, do francés, do italiano, e non diremos xa do latín ou do grego, qu'os *cultistas* tomaron de mania dende o Renacemento a hoxe.

Ind'hai quen di qu'o que nos escribemos non é a mesma fala que os labregos empre-

gan. E ¿cómo haberia de se-la mesma? Falan eles como fala o labrego na Castela, ben difrente d'o linguaxe d'un Octavio Picón—pra poñer nome de castelán novo. Houbo en todo-los tempos fala do povo, *vulgar*, e fala *culta*. ¿Escrebeu Cervantes na fala dos *arrieros* ou dos *venteros* do seu tempo?

Pois, sin compararnos con Picón, moito mais lonxe de Cervantes, ¿temos nos d'escreber as *readas* d'un labrego?

A lingua escrita non é ningures a mesma lingua falada pol-o pobo, ¿Hai esquirtor inglés, francés, alemán ou español, que reproduza nas suas obras exautamente a fala de cocheiros, soldados e criadas, sinon e pra faguer bulra d'eles ou apresentar un contraste artistico? Que no-lo amostren!

Repousen os criticós e cada un ó seu xogo.

## OS COROS GALLEGOS

Dendes que o Sr. Feixóo saíu pol-o mundo adiante levando por bandeira o nome de Galicia, e no corazón o culto enxebre da nosa música popular, foise espertando en moitos peitos o amor e afición pol-as-cantigas da terra. Noutras vilas xurdiron agrupaciós semellantes á de Pontevedra, e os coros "Toxos e Frores", de Ferrol; "Cántigas e Aturuxos", de Lugo; "Agarimos da terra", de Mondariz; "Brisas do Masma", de Mondoñedo, ouviron entusiastas aprausos sempre que se presentaron o público.

Pero non é soyo nos teatros onde os tales coros teñen que faguel-a sua labor de galleguismo; é tamén no campo, nas festas e romaxes; dando exemplo aos peisanos, que en ouvindo a leda gaita y escoitando os esquecidos alalás, hanse de ire encamiñando pol-a estrada que vai á Galicia de q'uestaban arredados, porque a nosa música esperará nos seus corazóns a lembranza de querer e agarimos que aviva nos corazóns a saudade.

E todol-os que sinten saudades son bos gallegos.

L. DE SERGUDE.

En Monforte, axiña se constituirá outro coro gallego que levará por nome "Escumas e Brétemas".

## CADRO BRANCO

*Fernández Flórez, publicou un notabre artigo n'O Noroeste da Cruña defendendo a nosa política da lingua.*

## LONXE DA REXENERAZON

Vólvese a berrar "abaix'os consumos". Houbo unha manifestación na Cruña pra pedire esto. Isto mesmo pid'a Mutua Mercantil da cidade herculina.

E ben: ¿c'a supresión dos consumos, tendo en conta a maneira de sere oxe o organismo da Facenda española, conseguiremos cousa de proveito? Vede Madri por exemplo.

¿Baixará o prezo das subsistencias, suprimíndose os consumos? ¿Ou teremos que mercar as subsistencias o mesmo prezo d' agora, c'o ítem mais do pago do recibo d' inquilinato y de novos impostos na luz, nos viños e n'outras cousas?

Pra este viaxe non precisamos alforxas. Y-en troques os Auntamentos, vendo perxidadol-os seus ingresos, farian menos traballos e viría a folga forzosa de maor número d'obreiros, e un estancamento do progreso. Os consumos son noxentos, pro... ¡si soyo trocamos uns *pinchos* por outros!

Cadrando c'o esto, fíxose en Madri unha Asamblea d'alcaldes. N'esa Asamblea como dixo moi ben "O Mundo", non houbo —lede as conclusións—sinon termos medios.

O camiño e outro. O camiño, é o que si-guen todol-os pobos cultos d'Europa y-América: os impostos direitos. Os impostos indireitos, son a fonda doenza d'España, a miseria dos probes e da clase media. Os impostos indireitos si-guen sendo pedidos polos alcaldes qu'estiveron en Madri. Os impostos indireitos son a base do famoso presupuesto extraordinario d'Alba, que os catalás chaman, con feliz acerto, a "Marcha de Cádiz económica". ¡Presuposto liberal este no que dí o ministro de Facenda: "Si hablare de la contribución territorial no será por impuestos sobre la tierra!"

## CON POLAINA E MEDIA

(CONTO)

Na ridente parroquia de Mondego, preto da branca e limpa vila de Sada, vivía un velliño cangado pol-os moitos anos e mais pol-a retranca, que andaba á pidir pol-as portas do mundo. Nomeábase o Cazolo, e tiña un fillo, cativo e listo com-unha donosiña, a quen lle puxeran o alcume de *Pucheiro*, que ven sendo un cazolo pequeno.

O vello do noso conto caeu enfermo, e despois de ter recibido todol-os santos sacramentos—pois, según facía ver, o seu fillo era moi temeroso de Dios,—rompeuse o fio da sua vida, librándose d'este xeito de pasar angurias, nos bretemosos días da cruda invernia, cando peligrinaba pol-os lameiros mariñás chamando ás portas dos caritativos corazós.

O Cazolo deixara, en boas moedas de prata, mais de doce mil reás, cantidade que tci medrando coma o leite no lume ó ire a noticia de viciño á viciño.

Pasaron moitos días. O Pucheiro no se dispoñía a facer, como era xusto, cirimonia algunha pol-o descanso eterno de seu pai; e o señor cura da fregresia, coidando do bon réxime das almas, mandou chamar ó desleigado fillo.

—Viacó, Pucheiro, viacó. Chegou a meu coñecemento que teu pai deixouche unha boa morea de cartos. Si has de cumprir coa tua obriga de bon cristiano e bon fillo, tes que facere algo pol-o descanso da sua yalma.

—Pensaréi n-eso, señor, pensaréi n-eso.

—Non, Pucheiro, non; esas sagradas obrigacións non se pensan, cúmprense.

—Señor cura, como eu son home equitativo, teño dinantes que medir o pró e mail-a contra.

—¡Home equitativo! Xuncras me non leve se non és home perdido. Algún boletín abafado revolveu o miolo. ¿Ti a que partido pertences?

—A Betanzos...

—Non, ho; quero dicir que política tes.

—¿Política? Ningunha. Os homes coma min, teñen d'abondo con seren equitativos.

—Pois non che se coñece.

—Aténdame e verá. Supoñamos que meu pai, pol-os seus pecados, si é que os tivo, está ardendo nos infernos. ¿Pode saír d'aquel lugar?

—Non, Pucheiro; Dios é xusto, e si o Cazolo estivera n-aquel lugar de castigo, xa non tería remedio.

—¡Moy ben! Agora supoñamos qu'está na gloria: ¿mellorará de condición porque lle fagamos honras?

—Tampouco; xa che dixen que Dios é xusto e misericordioso, e na gloria daríalle o seu premio. Pero xa m'estás amocando coas tuas preguntas, dinas d'un mal fillo e de pior cristiano.

¿E si teu pai está no Purgatorio, que é o mais seguro?

—Daquela, señor cura, que salla pol-o seu turno, que a min non me gusta facer mala partida á ninguén, pois xa lle dixen qu'eu son home equitativo.

—Serás, home, serás.

ASIEUMEDRE.

## DA ENTRAÑA DO "LABERQUISMO,"

O CANTAR DOS CANTARES

*Púxenle preito a un veciño pol-o derrego d'un leiro: levar, levou todo a curia, pero amolar, amoleino...*

Este cantar, que mais que feitura d'un poeta dixerase nado por "xeneración espontánea" no miolo d'un laberco marrulleiro e socarrón, d'enxebre freba gallega, dino do lápiz de Castelao e do pincel de Sotomayor, pertence a unha colección d'eles escolleita, notabre e maxistral, que publicou un ano antes de se finare o gran vate de Mondoñedo don Manoel Leiras Pulpeiro, de doce lembranza ¡eu vello amigo!

Nomeábase a dita colección "Cantares Gallegos" e d'ela qu'é modelo no xénero, pol-o ispirada, pol-o esgrevio do linguaxe e pol-a propiedade dos xiros, iremos dando a coñecere o mais notabre.

Tanto mais, canto que a obra de Leiras, tan bo home coma xenial poeta, cuáseque quedou inédita, debido a sua sinxela modestia.

## CADRO MOURO

*A Compañía do Norte aldraxa a Galicia, c'o seu cativo servicio de trens.*

*Esta comedia non lle gusta a Linares Rivas, nin a nos-outros.*

## O DIZONARIO GALLEGO

Caladamente, con pacencia e método, ten feito a Real Academia Gallega no discurso de cinco anos, unha labor que non gabaremos d'abondo.

Os dicionarios gallegos coñecidos, con ser seus autores dinos de gratitude, non eran pra ninguén fonte con caudal que chegase a cural-a sede que todos nos sentimos n' esta hora de enxebreza. Percisábase un xantar literario que aqueles libriños non nos podían dar.

Y-a Real Academia, un día e outro, en cinco anos arreo, adicouse o duro e acedo traballo de xuntar vocabres, rexistrando en libros, papés, escrituras, parroquias e bibliotecas, remexendo en vellos arquivos, escoitando o xuicio das personas entendidas, pra recoller en miles e miles de boletos o significado das verbas gallegas. Fixo, por fin, un dicionario rematado con escrupalo e xeito que encerra moitos millares de voces gallegas, de ditos, refráns, cantigas e sentenzas. N'ese tesouro noso, que axuntaron non Xan nin Pedro, sinón toda Galicia pol-as más dos seus mais sesudos homes de letras, temos o material pra reconstruir a nosa fala e pra lle dar toda a riqueza perdida ou esquecida, redimíndoa da probeza en que pol-o d'hoxe vive.

E n'estes días en que mais que 'noutroa votamos de menos un bo dicionario que nos dea feita a millor contesta pr'os que coidan que o noso idioma non che'os medios d'expresión d'outros, un dos esforzados e sabidos membros d'aquela xunta, ten a idea de lle pedir a nosa Deputación, que arremate d'imprentar na sua escola tipográfica, este libro de tanto valemto.

Coidamos nos que a Deputación non ha mostrarse xorda ó rogo, y-eso faríaa dina das gabanzas de todo bon gallego. Coidamos tamén que as demáis Deputacións rexionales haberían de lle dar axuda si lles fose pedida pra este fin tan enxebre.

## OURO VELLO

(DE BENITO LOSADA)

Pol-o rabo da culler...

Andrucho foi á cortiña a catar herba nontronte, e lavand'os pes na fonte atopou a Carmeliña.

Vendoll'a perna branquiña non sei que quixo facer: El é home, ela muller; un tolo, fai unha tola... En fin, vai o gato á ola pol-o rabo da culler.

## D'ACTUALIDADE

Os secretarios municipás de Cataluña,  
teñen razón

Como de cote, unha vez mais, Cataluña, por boca d'os seus representantes na Asambleia xeneral de secretarios municipás, foi a pedra d'escándalo que veu a enzoufar os canles por onde corrían as sereas, mainas y-a apacibres augas da discusión. O problema fundamental da lingua, levado e traído adoito pol-os catalás, non deixado nin preterido xamais por eles, erqueito decote como algo substancial e trascendente pra a vida puxante da baruda e forte nazonalidade catalana, foi de novo na nomeada Asambleia, a sua bandeira y-a sua arma de combate. Catalás foron de novo oxe, como o foran ontles, como o son en cantos autos toman parte, os orentadores de todol-os que levan drento da sua alma algo mais que á funesta aspiración de seren unhos caivos continuadores da patrioleira política que, a tumbos de bombo y'entre acordes da "Marcha de Cádiz" e relocir de coloris, culminou na hecatombe do 98. O detestabre e tan español deixade facer, finou pra sempre; e imprescindibre non deixar facer, e pra esto temos un camiño y-unha bandeira: o camiño é seguir o rastro que Cataluña vai deixando trazado co-a sua autuación na vida política; a bandeira e a lingua, única axeitada pra levarnos o cume da nosa palinxenesia. A nosa afirmación non é dogmática; é histórica, esto é, non impón preceptos, aséntase sobre leises.

Pro voltando ó tema inicial do noso artigo, do que incidentalmente nos apartamos por múltiples retrousos que ós puntos da nosa pruma acuden cando da custión vital se trata, diremos en síntesis o que os feitos manifestaron co-a sua incontrastabre elocuencia. Os secretarios municipás catalás mal avidos có actual statu quo, fixeron presente a sua particular aspiración de que, pra desempeñar ó seu cargo en Cataluña, fose perciso o coñecimento da lingua catalana, y-esto, que é ultra-lóxico, trátase do cargo de que se trate—pois mal se poderá desempeñar unha misión n'un país si non se coñece a sua lingua—, o é moito mais cando do nomeado do secretario se trata, porque hay que ter en conta, y'esto é may importante, que si se tratase tan soyo de secretarias de grandes Municipios, aínda podería haber algún argumento para rebatir a proposta dos secretarios catalás, posto que os habitantes das cidades, mal ou ben, falan todos a lingua de Castela; pro téñase en conta—e sinon fixémonos na nosa Galicia—que a maoría dos organismos municipás d'unha rexión, son rurales, e pra eses Municipios rurales, onde o idioma falado non é o castelán e sí o do país, é pra os que, toda vez que impéra o réximen absurdo das maiorías, se debe legislar. Ademais, todos sabemos que o secretario nas pequenas agrupacións municipás, é o todo: a él acuden e con él teñen que enxerguérselas innumerables veces os labregos, e zcómo non coñecendo aquél o medio verbal d'expresión d'estes, poderá axeitarse pra desempeñar, siquera cativamente, o seu cometido?

A proposta catalana era mais razonabre, lóxica, axustada á realidade, pro era catalana, e como tal, pernizosa, levaba en sí xer-

mes de separatismo. As voces sensatas do patrioteirismo alporizáronse alritadas pra condenar aquel insensato particularismo catalán, y-o amor a Hespaña fixo arrequecer nunhas calorías a temperatura d'os asambleístas. Pra a maoría d'eles—unha asoballante maoría—, a tal proposta sinificaba o pecho d'unha porta na carreira; a exixencia do coñecimento do catalán pra sere secretario en Cataluña, excluiría ós que non fosen catalás, como o coñecimento do gallego, do eúskaro o do valencián, escribiría ós que non fosen gallegos, vascos or valenciáns, y-esto, craro é, de ningún modo podía convirilles ós demais asambleístas que n'este asunto non fixeron mais que seguire a orentación que outros lles asiñalaron. Y-eiqui tedes cómo a hexemonia castelana impúxose unha vez mais, puleando por derribá das comenenzas rexionales, e sentando de novo o precedente d'unha desigualdade alritante, desigualdade á que no sucesivo terán que aterse os que desexando ser secretarios municipás—e quen di secretarios, imprícitamente di outros moitos empregos—non haxan podido ou non haxan querido adeprendere outra lingua que a sua propia, e por dita desigualdade, os cidadaos non castelanos dos pequenos Municipios rurales, veránse obrigados a suzetarse ás eixixencias idiomáticas do secretario castelán que poida caerlles en sorte, non ésto—como era o natural—ás dos cidadaos a quenes vai a servir. Castela, representada por este home imaxinario a que aludimos, recibirá eisi dos seus vasallos a preitesía de gran dona a que coida ter dereito, hastra que chegue un día que as realidades se impoñan, y-ese día haberán finado pra sempre os privilexos y-as distincións.

RAMÓN VILLAR PONTE

Na Asambleia das Facendas locás que se celebrou agora en Madri, tamén os catalás deron o bon exemplo. Foi o representante do Auntamento de Valls quen fixou o ideal da Asambleia, pedindo a autonomía dos Municipios y-o recoñecimento da presonalidade das rexións, c'o a verdadeira liberdade das Deputacións provinciais, pra mancomunárense.

¡Catalonia mater iberorum! Adeprendamos a facer Patria... E arreneguemos, ríndonos, dos que tendo a pouca vergonza de chamárense rexionalistas ¡pidiron a supresión das Diputacións provinciais! ¡Ten que vere! E como si por un estómago ou un pe estivera doente, antoxáraselle a un médico pregar pol-a amputación de todol-os estómagos e todol-os pes. Na Basconia y-en Cataluña ¿non farán rir estas cousas, verdadeiros caldos onde se cultiva o microbio do separatismo?

EN GALLEGO, CADRA MILLOR

## PEISAXE MARIÑAN

(Da famosa novela gallega "La Casa de la Troya", de D. Alejandro Pérez Lugín.)

... Y-estas cousas ditas co-ese doce acento, co-ese garimoso canto gallego, que somella feito pra marmular verbas d'amor! Estas cousas, ditas ali cando esmorece a tarde, vendo dendes do mirador da horta, que olla a campia toda, como do ceo baixa sobre das augas y-os campos a paz do serán...!

Unha bris mainiña fai abalal-os mainzos e riza as augas da ría, que chegan paseniño, mansa e caladamente a bicar aquela terra como non hay outra. Unha lixeira brétema vai envolvend-os cumes das montañas. D'aló muy lonxe, por antr'os arbres que ruben dendes da praya hastr'os altos de Fiobre, chega o son d'unha campaiña que hacha contesta na da irexa de Moruxo. As nubes de fume, rubind'ó ceo, dendes das casiñas aldeás, somellan ofrendas e pregarias. Quízais que un paxariño voa piando de medo na busca do seu niño. Os contornos das cousas bórranse pouquiño a pouco. Todo é brandura e paz. Os corazóns sintense ganados por unha doce melancolía saudosa. As mans dos namorados estréitanse, as bocas calan, parecen bical-os ollos... A campaiña da irexa canta c'a sua voz de prata as palabras do Anxelus: ¡Amade, amade...!

Aló en baixo, nos prados da veira mar, unha voz de muller moza entoao con saudoso son un alalá que vai esmorecéndose paseniño paseniño, tal como si cada cadenza quedase pendurada nas ponlas dos arbres pr'arrolar o sono dos paxariños que n'eles aniñan...

Quixente porque te quixen,  
quérote porque te quero.

¡Hame querer, miña xoia,  
hame querer, falanguero...!

Suscíbírese a este boletín, non é cousa que sinifique ter un boletín mais.

Suscíbírese a este boletín é axudar ó sostenimento d'un escola viva, práctica e trascendente de gallego e de galleguismo sin lixos. Non hai outra maor, nin que poida dar axiña millor froito.

Os que o "facemos", damol-o exemplo: traballamos de maneira inteleitual, traballamos arreo na porpaganda da idea redentora da nosa terra e aínda, pra conteira, sacamos cartos do peto; e non o cativo importe d'unha suscripción, sinón cantidás maores, moito maores á fin do mes.

Este boletín chegará a poñer o gallego "ó día", fará ver ós cegos a fonda razón da nosa santa causa, fará que xurdan escritores e pensadores nacionalistas, ensinará as xentes a sentire a nosa fala y-enxenórará, pol-o derradeiro, nas almas de moitos homes o latexo redentor d'unha conciencia rexionalista colectiva, limpa d'andrómenas, enxoiata, bariil, cristiñá... espello adrede pra que n'él se reflexe o Ideal, que agardamos fará trunfar mañan a mocidade.

¿Non temos, pois, dreito a pedire axuda a cantos se chamen bos gallegos? O noso fracaso sería vergoñoso. Amostraría que Galicia e merecente da escravitude. Non unha esmola, sinón un tributo de xusticia e de patriotismo, vos pedimos. mo, vos pedimos. A quenes nos mandan artigos e poesías, rogámoslles que manden tamén suscripcións, pois o escribirse soyo non abonda.

# A MORTE DO GAITEIRO

Por Ramón Cabanillas.

Ten o vello das brancas guedellas  
o sereo mirar maxestoso  
dos patriarcas que dormen da Biblia  
nas páxinas d'ouro...

O velliño das brancas guedellas  
foi gaitero nos anos de mozo!  
Esta tarde de festa na aldea,  
encamado, tolleito, sin folgos,  
ten a y-alma afundida na pena  
de antigos recordos...  
Esta tarde de festa na aldea  
sinte as bágoas tembrando nos ollos

Ventiño mol cuaxado de arumes da campia,  
empuxa con soavidá de nai que move o berce,  
as follas da ventana.

Unha rayola de sol cai como orballo d'  
brilantes no branco leito e cingue de resprandores  
a vella gaita cangada d'un cravo no  
testeiro da alcoba.

C-o vento maino, pol-a ventana entraberta,  
chegan paseniño trouculeos das castañetas,  
bruidos do roncó, a vós murmuradora das  
zanfonas cantareiras, as risadas cristaiñas  
da festeira moxedá; todol-os rumores do tu-  
reiro.

Baixo a gloria das rayolas, relucentes co-  
mo aiñas dos ánxes que gardan as santas  
custodias nas vellas catedrás, o fol valeiro  
y-os frechos axados da gaita polvorenta, en-  
canto d'unha xuventú que xa pasóu, tremen  
de legria.

O velliño adolorido crava a vista anubada  
na compañeira querida de romerías e fiadeiros  
y-erguéndose quedíño, tembroroso, des-  
colgándoa con mimos de namorado, proba a  
enchel-o murcho fol.

¡Ou estrelas que morredes no craor das al-  
boradas! ¡Ou beizos sin movemento que non  
podedes bicar! ¡Peitos lacrados, máns sin ten-  
to, tristeza dos corpos que a vida crebóu!

Choroso como un adiós, c-o apagado mor-  
murio da y-augua que nace caladiña, en se-  
greto, a rente do prado; como o alentar ve-  
laiño do probe paxaro que a neve firéu, o  
soido da gaita é un salayo de dor que  
n-a calma.

Y-o velliño sin folgos, sin tento, vai tecen-  
do c-os ledos recordos do tempo pasado, bai-  
xiño, muy baixo, envollo nos rayos do sol  
que se pon, cantiga mimosa, canción derrai-  
deira a vida que fuxe y-a gaita que chora.

Legria dos anos mozos  
e consolo das velleces,  
gaitiña que tantas veces  
arrolóu sonos de amor,

N-este canto derradeiro  
troca en prácidos soidos  
os rachadores xemidos  
con que layo meu dolor...

Un tembror de meniño aldraxado pol-a  
frebe axita a vella gaita.

Na franxa de sol, diante dos asombrados  
olliños do vello, arremuíñase a romaxe leda  
dos craros días da moxedá en ringleiras de  
coadros de vida, en visións de milagre que  
feñen arumes, rebrilos, surrisas e bágoas.  
¡Labaradas de cor sanguiniento das fogueiras  
que morren!

¡Mentireiras craridades dos olliños que se  
pechan para sempre!

O probe gaitero xa envolto na rede invi-  
sible da eterna Tecedora, pensando que as  
falsas imaxes é a vida que volve, desfolla  
n-un último esforzo a úneca rosa que queda  
na sua roseira...

Esperta, fol, no teu seo  
as dormidas melonías.  
Teña a forza d-outros días  
o meu alento levián.  
Lébrate, gaita, d-aquelas  
muiñeiras das fiadas,  
do cantar das alboradas,  
dos alalás do serán...

O soido que nace ridor e festeiro morre en  
salouco.

Sudor todo friaxe y-agunia brila en pingo-  
tas acedas sobre da frente do velliño.

¡Ay! Ben sinto que é de balde  
pedirche os vellos cantares  
¡Tamén ti choras pesares!  
¡Tamén ti tés corazón!  
¡Gaitiña! Para o meu choro  
deixa que de ti me vala:  
xa que foches copra e gala  
serás loito y-oración!

Os paxaros acóllense á paz dos niños.  
Un bermello resprandor coroa os arbres  
y-as cumes.

A vós do vello ten a dozura dos bicos dos  
nenos y-a soavidá das aiñas feridas.

Quedóuse o vento.

Cai a tarde.

¡Ou tenra gaita querida,  
cóbranos a mesma sorte!  
¡O entrar no meu peito a Morte  
tólleme os beizos y-a man!  
¡Digámoslle adiós á vida  
xuuntiños n-un sentimento,  
pedindo c-o último alento  
cova no gallego chan...!

Desfeita a romería, a xente que pasa ca-  
miño do fogar detense silenzosa diante da  
branca casiña, escoitando o docísimo e que-  
xumbroso són da gaita.

Bate os corazóns relixioso estremecemento.  
Pousóu o mistéreo rente das almas.

Os vellos miran ó ceo, os mozos descóbren-  
se, as rapazas choran, as velliñas rezan.

C-os postreiros crarores do serán, quedo,  
quedíño, apágase a canción.

No salgueiral cantan as rulas a lírica coita  
das nostalxia.

A lúa, erguéndose tral-a montana, deixa  
cair a feixes, en fios miudos, a branca luz  
serea, a luz que alumea os sendeiros das al-  
mas viaxeiras...

A aldea estala n-un cramor de pregaria.

Alma da nobre  
terriña celta  
que os nosos eidos  
gardando estás,  
alenta os tristes  
fillos leyaes  
que en vida e morte  
tras de tí van.

Crava nas cumes,  
verte nos vales  
o vello credo  
d-esta rexión:  
Nosas costumes,  
noso dereito,  
a nosa fala  
y-o noso Dios.

ACTOS DE PORPAGANDA

DEDE O CABO CREUX O CABO FINISTERRE

## Cambó y-outros ilustres cataláns virán logo a Galicia

Temos unha boa nova que darlles ós lei-  
tores. Unha nova que fará reloucar de xúbilo  
a cantos pregan pol-o rexurdimento da  
nosa terra.

E a seguinte: que no mes de febreiro, sin  
mais tardanza, virán a Galicia c'o ouxeto de  
dar conferencias e organizare mitins, en cin-  
co ou seis pobracións das nosas, os princi-  
pales membros do rexionalismo catalán.

Esas pobracións han de sere, quizáis, Cru-  
ña, Santiago, Ferrol, Monforte, Lugo e Ou-  
rense, inda que pode alongarse o itinerario.

Cambó tivo unha interesante conversa con  
Rodrigo Sanz pra concretare o viaxe. Nela  
puxéronse d'acordo o mestre do galleguismo  
e o gran leader da "Lliga Rexionalista de  
Catalunya".

Coidan os cataláns que a sua porpaganda  
en Galicia dará froito. Pro entenden que  
á condición esencial—*sine qua non*— da  
mesma, ten que sere a *defensa y-o ensalzamento*  
da nosa lingua. Por riba d'esta pedra  
fundamental queren facer o edificio das suas  
porpagandas rexionalistas. Cando eiqui hai  
gallegos que soyo topan razonabre que s'em-  
pregue a lingua que nos deu a Natureza no  
verso e nas parolas dos labregos, os homes-  
cumes da gran hirmá Cataluña, demostra-  
ránnos como un pobo sin recobrar o seu  
idioma non pode recobrase a si mesmo.  
Este será o *clou* da sua campaña.

Os ilustres porpagandistas cataláns, con  
Cambó—un dos poucos políticos europeos  
que hai oxe na España,—ó seu frente, fa-  
rán baixar a testa, cando falen c'o a auto-  
ridade que lles empresta o exempro vivo de  
Cataluña, a todol-os gallegos desleigados,  
trabucados e inconscientes, que de cote que-  
ren unha Galicia sin lingua, unha Galicia  
muda espiritualmente, escrava da hexem-  
nia de Castela.

Sí, Cambó, e como Cambó os seus dinos  
compañeiros, virán a decirnos que si botamos  
a unha veira a lingua, non teremos ren-  
dición; porque sin ela nunca haberá antre  
nos concencia colectiva.

Veñan, pois, a Galicia eses escultores de  
pobos, fillos d'unha terra hirmá. Agardá-  
moslos c'os brazos abertos, pensando na di-  
ferenza que hai entre os nosos "segadores"  
y-os d'eles. Veñan a traguernos o seu alento  
europeo. ¡Terra a nosa! ¡Visca Catalunya!

Axiña, publicaremos o maxistral discurso  
que pronunciou Rodrigo Sanz no "Circo d'  
Artesanos" da Cruña e que foi, a xucio dos  
intelixentes, a millor definición do noso Re-  
xionalismo que se deu hastra a data d'oxe.

Tamén temos na carteira traballos nota-  
bles de Fernández Flórez, Cabanillas, Portei-  
ro, Plá, Zubiri, Civeira, Rodríguez González  
y-outros, que irán saindo pouco a pouco n'es-  
tas columnas, o mesmo que poesías e prosas  
portuguesas escolleitas.

Sírvalles esto de satisfaciión os nosos lei-  
tores, que son moitos, moitos, moitos mais dos  
que coidabámos podere ter, pra comenzo.

## CONTESTA A "O NOROESTE"

## A LINGUA, ÚNECA ARMA INVENCIBRE

Poucas verbas, pr'as que deberan ser, pro escolleitas—no sentido da percisión—imos adicarlle "O Noroeste" da Cruña. A moito nos obrigarían as suas gabanzas, si non tivéramos xa d'antigo unha deuda de gratitudade c'o culto colega, modelo e patrón de xornás ben feitos, onde cada un dos seus redatores é un bon amigo noso y-o seu director un mestre—eiqui encaixa ben o de mestre oxe en descreto—de cantos en Galicia esquirbimos pr'ó púbrico.

Nos, de calquer maneira, vivimos mais pr'as ideias que pr'os homes. "A Nosa Terra", que tivo éisito maor do que agardá-bamos na primeira saída, naceu c'o a misión de termar da porpaganda da lingua gallega, que coidamos pedra fundamental das reivindicaciós históricas e políticas da patria na que somos nados. E como a esta porpaganda ponlle reparos "O Noroeste"—reparos que rebateu Fernández Flórez n'un artigo maxistral que honra o mesmo a quen o esquirbeu qu'á folla moderna qu'o púbrico—, temol-a obriga d'ensaminar aqueles reparos pra esnaquizarlos onde ben seña abranquibre facelo. Mais impónsenos a brevedá, e, pol-o mesmo, sacrificaremos a cativa eleganza d'estilo de que ¡malpocadiños! poidéramos votar man, ó amontoamento de razóns que no noso maxin atopamos rebulindo e dispostas a sair ós peteiros da pruma.

"O Noroeste" comenza facendo profesión de fe rexionalista, sinxela e fonda. Alcontra ben todo, agás'a ideia d'este boletín e d'a Hirmandade da qu'é órgano, do rexurdimento do gallego pr'os autos y-esquirtos da vida corrente. ¡Como si a realidade non abundase na nosa arela, pois a pobração rural e cuáseque toda Galicia, e o gallego, inda loitando con cinco séculos de centralismo, non estivera en pe sirvindo a grande maoria dos nosos coterraños, xa qu'a clas urbana eiqui pouco conta!—Gústalle "O Noroeste" a nosa lingua pra istrumento poético e masecal; pro non-o coida axeitado abondo pra sere verbo d'un pobo moderno e forte, como quixera que fose Galicia.

E di, liñas adiante, que "suposto o caso de qu'o gallego fose unha lingua perfeita, dona de total-a axilidá *contemporánea*—nin a "Odisea", nin a "Eneida", nin o "Quixote" nin "Hamlet" nin "A Divina Comedia, nin "Os Lusíadas" percisaron dita axilidá pra trunfar sobre da pruma de Burrell, tamén doeriale, inda eisi, o que non fose seu emprego soyo literario, xa qu'o esforzo humán *debería tendere a unificarse*". (Eca de Queirós, Ibsen, Verdagner y-Euxenio de Castro ¿non son mais universás que Cristobalón de *idem* ou que Enrique de Mesa ou Salvador Rueda?)

¡Ben di o colega o chamarlles a éstes reparos teóricos! Teóricos, teóricos, porque a práctica revólvese contra d'eles. E sinon, a velo.

1.º Pol-o rexionalismo, réximen o mais axeitado a obra d'a natureza, pódese ire, como amostrou Pi Margall, á confederación d'Estados; soyo pol-o rexionalismo. As linguas non son feitura dos homes. Son feitura da Natureza, da qu'o home é un anaco. As linguas vivirán tanto com'os homes. ¿Esquécese que s'axeitan a lei do menor es-

forzo e que, cuáseque com'os animaes y-as prantas rixense pol-a adatación ó medio e pol-a loita pol-a existencia, sendo froito de seleición natural? Pois namentras non se nivelen as condiciós físicas de todol-os pobos da terra, cousa non doada, imposible, de non nacere outro novo Creador que faga un novo Cosmos, cada pobo terá en herdo a sua lingua. O gallego está no caso das mais linguas. Pro ¿que cada un cultive a sua lingua impide que todos cheguemos mañán a tere outra *auxiliar*, sempre será *auxiliar*, compatibre c'a natural pr'os usos internacionais? Eisi o viron os socialistas catalás, cando pediron no Congreso de Tarragona d'este ano, que nas escolas de Cataluña s'enseñe o castelao valéndose do catalán, pra evitare que se faga pornunciar e leer ós nenos palabras das qu'iñoran o significado moitas veces. Pois o mesmo dicimos nos: a restauranza do gallego non perxudica o castelán: beneficiao. Cando haxa escolas de gallego xunto c'o as de castelán, os gallegos falarán millor a lingua de Castela y-a sua.

2.º Buscare o *utilitarismo* nas linguas, e unha solución xudaica, dixo moi ben un pensador. Mais inda buscándoo. O gallego ¿non nos abre as portas de Portugal, do Brasil, da India, pra poñernos en comunicación con millós d'homes? Os gallegos anal-fabetos, agora e sempre, ¿dend'o chan aldeán non chegan e chegaron a América y-a Castela, impondo aló o seu traballo e facéndose entender? Os gallegos, como naide en España, ¿non están pol-a custión do lingua-xe en xeito comenente pra sair fora da Patria? Sabe mais quen sabe duas cousas que o que sabe unha soya. ¡Déranlles a cultura que non depende da lingua, en vez de querer cortarlles un áa!

3.º Politicamente—na boa política—¿qué cousa une e solucióna mais cousas qu'a lingua de cada un? ¿Sería Cataluña o que oxe é si deixara a restauranza do catalán? Qu'o digan os interesados. Inda nol-o recordaba *Xeniús* fai pouco, dicindo que xa sabemos en Galicia que total-a cultura barcelonesa se fai en catalán. Y-o catalán non ten a *extensión* do gallego. ¡Si hastra os andaluces cultos que agora loitan pol-o seu rexionalismo, excreamaron n'un manifesto notabre e repitiron no Ateneo, que sintían non tere unha lingua y-unha historia propias pra intensificare aquel movemento! E nos, en troques, c'unha lingua viva, rica, doce, de gloriosa historia, antano a mais aristocrática, y-ogano falada pol-a maoria do pobo, ¿imos a facere rexionalismo no castelán? (No número que ven publicaremos anacos do discurso XV do P. Feixóo, qu'alumea o noso preito).

C'o a restauranza do gallego, atoparemos a nosa redención. Proba d'esto é qu'os notarios, xueces, empregados púbricos, deputados, senadores, etc., terán que sere mañán hirmáns nosos, coñecedores das nosas cousas, esnaquizándose eisi o cunerismo vergoñento y-as anomalías d'oxe, sobre todo na adiministración da xusticia. Enton os funcionarios servirán ó púbrico e non éste os funcionarios, como ocorre na práctica.

Ademáis, d'aquela, surxirá a y-alma xenérica que nos falla, xenerando o amor os negocios da terra, ó arte y-á ciencia nosos, trocando, pouco a pouco, o traballo colonizado d'oxe en traballo gallego. Eisi chega-

remos a sustentivar o sentimento en concercia nacional, a organizar a diferenciación en realidade política y-a trocar a protesta en intervención.

E 4.º O erro fondo dos nobres Precursores—¡ou Pondal e Murguía qu'inda vivídes y-a quen saudamos con sinxelo agarimo!—consistiu en non pregar por esto, en esquecer a forza da lingua, en esquecer qu'a lingua é a autonomía espiritual dos pobos, no lo amostra Polonia, Cataluña (onde fai trinta anos, lede a Prat da Riva, diciase do catalán o mesmo qu'oxe se di do gallego) y-os *sefarditas* de Salónica. Perdida a forza da lingua ¿qué valen as autonomías y-as descentralizaciós materiás, xa qu'a rexión morrerará espiritualmente?

Velal: oxe, moitos coruñeses reloucan de xúbilo cando lles din qu'a Cruña é "un Madrid en pequeno"—pra nos o maor aldraxe— ¡Si ainda dixeran un Barcelona!... E non; a Cruña debe sere a Cruña, e cada pobo debe tere as suas características, froito da sua natureza. Y-ós pobos de Galicia, a hexemonía de Castela ¿non lles está roubando todas?

Nos, queremos mais que rexionalismo de *folk-lore*; queremos mais que fatelos típicos, gaitiña, cantigas e versos, xa que non comprendemos que se poida entender que, linguaxe que sirve pr'á poesía—o noso sirve como ningún—non sirva o mesmo ou millor pr'á prosa.

"A Nosa Terra" quer amostrar esto; quer amostrar tamén qu'as variedades dialeítales dentro d'un mesmo idioma, non fan perxuício. Italia, exempro. Italia no ten Academia; a italiana é lingua libre, moitas verbas igoaes empréganse con diferente nome nos mesmos xornás, e ¿Italia non é unha grau nazón?

O facer esta cruzada santa, pensamos nos novos, nas xeneraciós en cogollo por qu'os vellos xa teñen asoballado o espíritu pol-o prexuício rutinario. Y-a rutina—dixo Caxal—ten orixen orgánico. ¡Viva a nosa meiga lingua!

## TRIBUNA LIBRE

Nesta seición publicaremos todol-os traballos que se nos manden, sempre que veñan ben e non aldraxen a naide, sin faguernos responsabres do criterio dos seus autores.

## DAS NOSAS CATIVAS LENDAS

Da lénda que nos temos pol-o mundo adiante, lénda cativa e miserabre de pobo palurdo e retrógada rexión, nos, e sómentes nos, temol-a culpa.

Nosos hirmáns, os levados do corazón da montana ou do val ás vilas—Cruña e Vigo—pra embarcar pr'América, son-os levacontos e portadores do fio con que texen os alleos—mais que ningún os fillos de Castela—, as lendas que nos erixiron nas suas fantasías, infradas pol-os nomeados hirmáns, e a que van desfaguendo non por ver adianto en nos, sinon por ir eles apañando o necesario anaco de cultura pra poder xusgar un pobo.

Oxe, xa non somos pra os alleos, aquí curruncho d'España onde nadian homes que falando remedaban ós cans; oxe, que aínda non nos conocen mais que coma castelans, xa nos xusgan de outra maneira, e téñennos por uns de tantos descendentes do Quixote, sendo isto do que non debemos termar baixa-

ningún conceito. Non podemos, e na nosa conciencia istá, permitir que nos coñezan coma casteláns tendo tanto que mostrarlles pra faguelos estudarnos como gallegos, y-esta labor que recaí oxe sobr' "Os amigos da Fala", cairá mañán sobre a rexión enteira.

A pior enfermidade do noso pobo, e unha profunda probeza d'espíritu, amostrada en moitos ordens d'anosa vida rexional. Probeza d'espíritu, sobre todo a que amostramos na fala, que temos qu'enriquecer primeiro que ningunha. Nas vilas, vése con gran sentimento, que a maor parte dos pais, néganse abertamente a que os seus fillos faleen o gallego, non porque lles prive de aprender ben o castelán, sinón porque dempóis ó falalo, o fan con ben marcadas mostrás de acentuación gallega, y-eso, pra os tales pais, parécelles que dí moi mal. ¡Probiños!... Si tal fan os encauzadores da nova xeneración, da xeneración que ten que loitar pol-o resurxir da Galicia próspera e frorescente, pouco coitado se nos pode dar que os alleos ó ouirnos falar digan pra os seus adrentos: "¡Bah, es un gallego!"; e cando millor nos traten: "¡Hombre, qué lástima, pues si es gallego!" Cousas istas que non din cando escoitan falar castelán a un catalán, a un vasco, ou a un valenzano, aínda tendo mais acentuación rexional que nos; a isos non lle lo din, porque non fan tampouco o que faguemos nos: ter medo de falar na nosa lingua en calquer sitio do mundo que non seya Galicia, y-ese noso medo, isa falla de civismos rebaixa o noso idioma; iles que teñen ese valor cívico que nos non temos, fan rubir e codear as súas linguas co-as principaes do mundo.

Cando nos fagamos iso, cando nos ó chegar a outras terras y-entr'elas a América—terra onde parez que temos todos a misión de ir seguindo a ruta do descubridor do Novo Mundo arrempuados pol-os ventos de Castela ou pol-a maldición de ista terra ó ser negada por aquil fillo—, e falemos públicamente a nosa lingua, cousa que oxe non faguemos, ¡ay!, d'aquela, xa lle daremos á nosa fala o valor que d'este xeito lle roubamos ó escondernos pra falala.

Eisí que a vos, pais de familia, aerroxadores da vontade dos vosos fillos faguéndolles falar una lingua que non é a nosa; a vos, hirmáns que vivides lonxe dos vosos lares esquencidos sinón da patria pol-o menos do voso idioma, vos suprico, que pensedes millor os uns e pensedes mais alto os outros. Non temades ó falar a lingua que a Natureza nos impuxo os aldraxes dos alleos, que quen tal fai e un bon fillo, e o que tal non fai é un vendido fallo de honor, de patria, e de vergonza.

RICARDO CARBALLAL

## OS POETAS D'AGORA

### NO BOSQUE (1)

Albres amigas, da floresta amada,  
A saudarvos eu de novo veño,  
Cal noutros tempos á menudo viña  
Buscal-o fresco na espesura nosa,  
Cando a rayola, na estación ardente,  
Mais esmechante sobre vos baixaba.  
¡E qué vizosas, qu'era xenio ver-vos,  
como estabades de verdor cubertas!  
Agora estades co'a rodeira ispidá  
E os toros cheios de carriza escura  
E non parleiros paxariños voan  
A rebuldare nós ramallos tenros,  
Que as almas, tristes, de afrión e dóres,  
Debles falades no misterio envoltas,

(1) Do libro do mesmo título. (En preparación.)

E o voso amargo, xemedor suspiro,  
Bentar parece o derradeiro outono.

Eu tamén sinto que tamén me toca  
A vellés fea co'a sua man de xeo,  
E pon-me ao cabo da mortal xornada;  
Así eu atopo moita mais dozura  
Nesta hora en ver-vos, como cando un torna  
D'estransas terras aos nativos eidos.

Aquí o acougo pol-o menos reina  
Xunto de vos, onde xamáis resoan  
Do mar humano aterradores brúos,  
Nin ó turbou a peregrina espada,  
Hoxe supricio do universo enteiro,  
Que fai tremar a humanidade toda  
Ante dos beizos da fatal esfínx.

¡Infortunados pobos! Os tiranos  
No desatado cubizar non zazan.  
Ferós, Belona, o fúnebre estandarte,  
A todos ventos, espantando, amostra,  
E xeme o chan ao seu horrendo paso  
Que soyo cinzas e cadavres deixa.

¿Quén foi o miserabre que primeiro  
Trouxo contra do hirmán o ferro agudo?  
¿Da eisecrabre contenda, cal é a causa?  
Largándose en remuños van os homes  
A matar e morrer. ¿Por qué? Non saben;  
E eses tolos guerreiros van gozosos,  
Como mansas ovellas obedentes  
Á despótica voz de quen os manda  
Ferir, matar, non é pra eles crime;  
Destruir e roubar non é delito,  
E o milite inhumano co'as mas tintas  
Pol-o inocente sangue, despóis volve  
Dos campos de batalla, e pol-os seus,  
Mais tolos que él aínda, é recibido  
Con palmas e coroas á porfia.

Dios de bondade, concedei qu'eu goce  
Da ventura suprema de humán sangue  
Non derramar xamáis. Pereza todo  
Mortal que horror non ten das mas impías  
No crime lexugar... ¡Ah! De Filipos  
Na bélica función, soyo houbo un héroe:  
O vate desertor tirando o escudo.

FLORENCIO VAAMONDE.

## LERIAS DA VILA

—¿Non ouviche, rapás?

—¿O qué?

—O que din moitos por eses rueiros sobre de nos os da fala.

—Boh... tanto se di que doun'o demo todo. Si...; din que estamos tolos, que, rapaces e vellos, cantos n'estes choyos nos houbemos metido, poderíamos facer cousas de mais valeamento, que non esta que non ha de darnos sona ni proveito.

—¿E qué pensas tí de canto se fala?

—Penso, señor Manoel, que n'estes días en que todo can e gato se pon d'acarón dos que algo poden por si pillan algún anaco de comenencia, parécelles cousa d'outro mundo que haxa media ducia d'homes con alento d'abondo pra traballar por cousas que non lles dean ni siquiera unha tristeira fungalla. Tirarlle das fardas ós caciques y-ós todopoderosos, faino cuaseque todo fillo de veciño. Deixal-a casa pra lles predicar amor á terra a cantos teñan voluntá de os escoitar, de ningures pode saír sin que o xuício estea un pouco abalado.

—Estes somos nos, de maneira que...

—Tolos perdidiños.

—Pois escoita, ho: olla ben por tí, que és un rapás aínda. Si en troques de ser un novo Quixote non vas sacar do surco outra coseita que bulras dos teus veciños, vota man do trasacordo e vaite c'os outros, mau neno. Os que cheos de amor á nosa terra erguemol-a bandeira da fala, nin damos credenciás nin gabamos a ningunén.

Con gostexar o mel que sacamos da pro-

pia satisfacción abóndanos pra disimularlo fel das críticas. Conques olla ben o que millor sexa ¿entendes?

—O dito... A fe de Chinto que a verba de vosté, señor Manoel, mais que arredrar a un, métell'a fogaxe no corpo. Si por gasallar, gabar e dar axuda canta se poida á fala y-os costumes y-os dreitos da nosa terra nos chaman tolos e quixotes, sintome ambas cousas con moita honra.

—Ben falado, abofé.

—Y-agora, meu neno, arrepara ben en cada un d'esos que cando se botan a falar da nosa campaña din que estamos tolos e que ben morta está a nosa fala ¿ti víchelos?

—Vin, señor, vin. Todos eles veñen darlle vixencia ó vello refrán de "que non hay pior cuña..."

—¿E logo?

—A catro ou seis que lles ouvín falar d'eso, véselles aínda a estopa das cirolas. Non é cousa que rebaixe o ser d'aldea sinón tod'o contrario; mais ser aldeán e falar mal da fala gallega, supón nos que o fan uns miolos pequenos e unha cativez d'espíritu.

—Ser señorito e odial-o gallego viste ben, ho.

—Eso non, reconcho, que moitos seño-itos conozo eu, e de boa crianza por certo, que teñen fondo respeto á nosa fala e sintense devotos d'ela. En troques, algún que outro adourador de caciques, limpador de fardas e festexeiro de persoaxes, coida que desprezando o noso idioma será tido por mais home e por aristócrata.

—¿Y-as señoras que reñen ás suas cocineiras por lles falar gallego?

—Pouco señoras serán, me non leve o díaño. Conozo eu unha d'esas que hay poucas noites, diante d'uns visitantes, votoulle un sermón á criada, probe moza de Bergantiños. E voulle contar, tío Manecho, as cousas que aquela señora de moitos dengues dicíanas barbas das súas amizades:

—A ver, rapás.

—Escoite: ¿Que te diguen yo, Sabela? ¿No te ha dicho que me está entrando el frío por entremedias de las regandijas? ¿No te ha dicho que coguieras unos papellitos para las tapares? Ay, higa mía, avemaria parisma; con estas moqueres de la aldea, non se le puede; como que non saben hablar el castellan...!

—¡Arrenego...! Pois fálache esa señora, que nin Doña Emilia.

—Haille moitas pol-o estilo.

—¿E na cras de modistas?

—Ay esas sonlle todas amigas da fala ou están pra selo. Quen leva o nome d'encantiño ¿qué outra cousa pode ser?

O COUTELAN.

## Custiós económicas

O PROYEITO DE FERROCARRIS SEGUNDARIOS Y-ESTRATEGICOS.—¿PODERA AGORA FACERSE O DA COSTA?

Como si a cousa non fose d'intrés fondo pra Galicia en xeneral e para a Cruña e moitos pobos da sua provincia y-a de Lugo, en particular, non houbo ningún xornal dos de moita circulación na nosa terra, que se fixese eco d'estas notabres liñas publicadas na "Voz da Liga" do Ferrol.

Logo, cando os Governos nos desatenden porque pedimos mercés que non s'axeitan ben c'o noso isolamento e c'o a nosa situación xeográfica, veñen as protestas valeiras d'oportunidade. E entón é chorar como mulleres o que nin soupemos vere nin defendere cal cadra a homes cultos.

O que dixo a "Voz da Liga" do Ferrol (refírese o "Ferrocarril da Costa") é eisi:

"Apróbouse xa pol-o Senado o proxecto Gasset, reformado de maneira que a lei, antes inútil, sexa útil e conteña as principais características pra que o capital salla do seu retraimento e constituya empresa y-esta conte con base fixa pra ire o negocio da construción. Non contén, o proxecto aprobado, é certo, todas as ventaxas que sin mágoa para o Estado facilitaría mais axiña a feita da obra; algunhas d'elas porcurarásense introducilas no ditamen cando se discuta no Congreso; pro, c'o a conseguida hastra hoxe temos confianza de que chegamos á meta.

As garantías que se lograron, son: que os ferrocarris secundarios y-estratéxicos non concedidos, disfrutaran o beneficio do 5 por 100, pra o capital d'estabrecimento, que considérase formado c'o as ventaxas que os leiteres poden ollar no ditamen; e que as empresas poderán emitir obrigaciós, dentro das bases que se fixan, c'o a mesma garantía pol-a parte do Goberno; é verdade que esa emisión d'obligaciós condiciónase e limitase; pro na limitación e condición ollamos a prudencia tutelar do Estado sobre supostos abusos. De maneira que pra nos facere entender dos non impostos n'estes asuntos, podemos sintetizare a cuestión n'estes termos vulgares: os aicionistas e obrigacionistas recibirán directamente do Estado a renda do 5 por 100, como si se tratara de calquer outra Deuda pública, da que os cupós córtanse e cobran pol-o trimestre.

Inda con relación a nosa liña, contén o ditamen outras ventaxas. A condición d'estratéxicos haberá de sere acrarada pol-a Xunta de Defensa Nacional, e a petición do Ministerio da Guerra poden estas liñas sere construídas pol-o Estado. De calquera xeito, pois, temos a seguridade da construción, inda no caso pouco probable que quedare deserta unha nova subasta do noso ferrocarril.

E craro que pra este y-os mais da sua clás os donos dos estudos haberán de solicitare no prazo de seis meses que lles sexan apricables os preceitos da persente lei, pro n'elo non vemos ningunha dificultade.

En resume: que si cousa imprevista non ven a botar pol-o chan os plas parlamentarios, sairá do Congreso antes das vacaciós da Noiteboa a lei d'axuda os ferrocarris secundarios y-estratéxicos, en condicións d'abondo pra que a subasta non quede deserta."

E ben, leitores: ¿temos dereito a protestar de nada y-a queixarnos d'algo os cidadáos d'un pobo onde os xornales de mais circulación—y-as xentes de mais valimento—non falan d'estas cousas tan actuais, tan esenciais pra Galicia?

Esto ten mais interés que un novo Pazo ou un novo xardín. Con todo...

Do ferrocarril de Ribadeo a Lugo por Villalba e Mondoñedo, falaremos n'outro número.

## PENEIRANDO...

O temporal pasou pol-os nosos eidos e pol-as nosas rúas, facendo tolerias.

En Ourense, sobre todo, arrou forte. Poído sérenos simpático, e non-o foi.

Si tumbara a praza de touros d'aquel pobo—e ainda as dos mais de Galicia—deixando en pe, en troques, a Casa do Pobo...

Pro, lería.

O deputado provincial, Sr. García Valerio, vai a construír, pol-a sua conta, un edificio

pra escola de nenos probes, en Zantiños, Serantes.

Si todol-os caciques fosen como o señor Valerio, "valerian" algo, y-ó lonxe, axudarían a esnaquizar o caciquismo.

E ben, ¡qué desigualdás haivos no mundo! No Pabellón Lino, da Cruña, tiveron estes días 15 monos.

En troques, nós, non temos ningún. Cando un "mono" pol-o menos no noso boletín non estaría de máis.

Us moito, y-outros nada.

Chegou as nosas mans unha carta, ben esquirta abofellas, na que se propón a idea de facer unha suscripción entre todol-os bos gallegos, pra erguere un monumento perpetuador do odio ó caciquismo, no centro xeográfico da Galicia.

Un monumento de poucos cartos: unha gran pirámide ou un gran bloque de pedra no que se lembrasen as datas de Nebra e d'Osera, por exemplo.

Nos cumprimos c'o autor da carta. S'algures queren recoller a idea...

¿Convénll'os organizadores do mitin rexional de Santiago?

¡Ai! Miguez, de Ventosela—de Ventosela habia de sere—e merecente da nosa nora-bo por falar en gallego n'aquel mitin compostelán.

¡E seica foi o úneco! ¡Nin que estivéramos en Castela!

Por certo que algús cregos, virtuosos e de bo sentido, de certo alciprestazgo que nomearemos cando cadre, téñennos prometido qu'explicarán ós seus filigreses labregos o Evanxelió en gallego, pois coidan qu'ó millor modo ou o úneco de que os entendan.

O noso gran amigo, señor arzobispo de Tarragona, apraudirá a eses cregos.

Unha das peores doenzas d'España, e o "abogadismo".

O abogadismo é o "mal cativo".

O Congreso está composto d'abogados cuáseque por complot.

Contadiños son os médicos, farmacéuticos, inxeneiros e industriás que n'él teñen asento.

Os abogados fan os proxectos d'agricultura, d'industria, d'instrucción, de ciencia, d'arte, etc.

Y-eisi saien eles.

Gustounos por eso o discurso do deputado señor Llorente, quen, como catedrático d'Agricultura do Instituto de Valencia, home técnico, poído toser forte e tomarlles o pelo a todol-os abogados congresistas, sobre do presuposto de Fomento.

Supoñamos que trunfa a política agraria que predicán algús apóstoles pol-os agros celtas.

Supoñamos que a xente d'esos agrarios conquista os Auntamentos aldeáns.

¿Fallará o caciquismo? Non; haberá troques de tortela, soyamente. Por moi boas intencións que haxa.

Y-é qu'o problema da campía gallega, é mais qu'o "quitate tí pra poñerme eu".

E un problema de cultura que traya a independenza económica do labrego, a rentes.

O outro, é lería. O longo, disgustos e desilusións pra os aldeáns.

¿Será certo qu'un catedrático de certo centro docente fala mal na crase dos costumes e da boa educación dos cruñeses?

Que no teñamos que volvere sobre d'esto. Tirariamos da manta, inda que fose de Palencia.

Lemos n'un colega qu'o popular Pérez de Pontedeume vai a sere agasallado c'un xantar en Santiago e vai asistire a un mitin con Basilio Alvarez. Xa ouvimos decire: ¡O "terrible Pérez"!

## NOVAS DA CAUSA

Na redacción do "Heraldo de Villalba" fíxose unha reunión pra tratare da constitución d'un grupo da "Hirmandade da Fala".

Houbo moito entusiasmo antre os axuntados. Constitueuse o grupo do culto y-enxebre pobo vilalbés, c'os señores seguintes:

D. Xacobo Mato, D. Manoel García Olano, D. Enrique Canto, D. Calixto Soto, D. Xosé Novo, D. Victor Basanta, D. Antón Peña, don Luis Campos, D. Xermán Orosa, D. Antón Pico, D. Vicente García Hermida, D. Xusto Mato, D. Xosé Cacharrón, D. Manoel Felpeto, D. Farruco Basanta, D. Luis Peña, D. Victor Mato, D. Prácido Peña e D. Antón García Hermida.

O Consello directivo quedou feito así: conselleiro primeiro, D. Xacobo Mato; conselleiro segundo, D. Prácido Peña; secretario, D. Antón García Hermida; tesoureiro, don Enrique Canto; vocás: D. Luis Campos e D. Manuel García Olano.

Este grupo proponse facer pol-as festas da Navidá un auto artístico, que consistirá en música e cantos rexionás e na representación d'unha obra do teatro gallego. Fará tamén unha enxebre xira a campia.

Moito temos que agardar d'este grupo, non soyó pol-as presoas que'o forman, sinón pol-o seu primeiro conselleiro, pois don Xacobe Mato é un gran mestre de música y-un notabre artista.

Háchase na Cruña, onde vivirá unha temporada, o xoven e intelixente abogado vilalbés noso bo amigo e bo gallego, D. Luis Peña Novo.

Rógaselles os hirmáns da Cruña que non esquezan que os días d'escola do gallego na Academia, son os miércoles e os sábados.

A Comisión, desinada con tal ouxeto, dos "Amigos da Fala" cruñeses, ven tendo xuntanzas pra traballar pol-a imprantación do teatro gallego.

Axiña comenará o ensayo d'algunhas comedias enxebres.

Vense laborando pra a constitución do grupo d'"Amigos da Fala" no Carballiño (Ourense). ¡Adiante, hirmáns!

O ispirado poeta, Xan Plá Zubiri, ten dado a imprenta un poema escrito na nosa fala, que leva por nome "A Tola de Cobas" e do que ouvimos muy boas referenzas. Púxolle prólogo Rey Soto.

Solicítanse correspondencias administrativas en todol-os pobos de Galicia. Rógaselles os bos hirmáns que nos dean razón d'eles.

Noso amigo Xosé Portal Fradexas, rapaz culto de moita elocuencia, vai a dare unha conferencia sobre do tema "O rexionalismo económico" na Mutua Mercantil Coruñesa.

EL

# Thermogène

Cura en una noite Resfriados, Malos de garganta, Neuralgias, Punzadas en los costados, Cólicos, Terribles, Lumbagos, Dolores, Gota, Clática, etc.

La caja 1.75 Pesetas en todas las Farmacias.

De venta en las principales farmacias de España. Depósito en CORUÑA: E. Rey Sanchez. Agentes generales, Cebrián y C.ª Barcelona.



Lo que gusta más á Bebe,  
lo que está esperando con impaciencia,  
es la

## HARINA LACTEADA NESTLÉ

el alimento preferido de los niños.

### LIBREIRIA DE CARRÉ E ALDAO

Neste establecimiento atópanse libros e revistas moi curiosos, antigos e modernos. Cambéanse e mércanse obras.

Rúa da Barreira, esquina a rúa estreita de San Anudrés.

### O SALÓN PARÍS

Neste elegante e moderno cine de moda na Cruña, véñse as milliores xoyas do arte cinematográfico.

O que o visita unha vez faise concurrente a cotío.

### CONTOS GALLEGOS

— DE —

#### Asiunmedre

Pol-a cativa cantidá de dous reás podedes ter risa unha semana enteira.

Véndese na Librería de Lino.

### NAZONALISMO GALLEGO

A NOSA AFIRMACION REXIONAL

(2.ª EDICION)

Libriño ben impreatado nos modernos talleres da "Voz de Galicia" con xucios e opinións de Rodrigo Sanz, Porteiro, Banet Fontenla, Calvo, Xil Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 CENTIMOS.—Os pedidos fanrânse ó autore, no Rego d'Auga, 4-1.—CRUÑA. Os suscritores d'este boletín poderán adiquirilo á metade do prezo sinalado.

### Os "Previsores do Porvir"

SOCIEDAD MODELO,  
ESPELLO DE PATRIOTISMO

Chegou a 40 millós de pesetas d'aforro en 12 anos.

A súa representación na Cruña, ten as oficinas no número 45-2.º, da Rúa Real.

## BOLETO PRA SUSCRIBIRSE

D. ....

domiciliado en .....

suscríbese por ..... a A NOSA TERRA.

Firma do interesado: .....

(As suscricións de fora da Cruña teñen que se facer por trimestre, semestre ou ano.)